

## O RETO DA UNIÓN MONETARIA PARA O SISTEMA FINANCIERO ESPAÑOL

Resumo da conferencia pronunciada por D. Juan Quintás Seoane na  
Confederación de Empresarios de Santiago de Compostela, o día 15 de decembro de 1996

MARÍA EUGENIA ESCUDERO PRADO

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 30 abril 1997

Aceptado: 19 maio 1997

As consecuencias e os retos que o sistema financeiro español ten que asumir ante o establecemento da Unión Monetaria foron o tema da conferencia que o profesor Juan Quintás Seoane, director xeral da CECA, pronunciou na Confederación de Empresarios de Santiago de Compostela.

A incorporación dunha moeda única obrigará á banca española a realizar un axuste de carácter técnico dunha gran complexidade, xa que a substitución da peseta polo euro suporá, entre outras cousas, a modificación de tódolos programas informáticos actualmente en funcionamento en tódalas entidades financeiras, a posta en marcha de políticas de formación do persoal e de información cara ós clientes sobre os cambios que se aveciñan e a substitución de tódolos impresos e documentos utilizados ata o momento polos novos que levan incorporada a nova moeda. O relator comentou que haberá un período de transición que comezará en 1999, no que toda a información que as entidades financeiras lles faciliten ós seus clientes será nas dúas moedas —peseta e euro—, ata que en xuño do ano 2000 só exista o euro como moeda única.

Para o profesor Quintás, os investimentos que as entidades financeiras terán que realizar para poder levar a cabo todas estas reformas serán moi elevadas. A súa estimación acerca do custo que poderá supoñe-la transición é duns 250 a 300 mil millóns de pesetas necesarios para levar a cabo os axustes técnicos antes mencionados. Tamén comentou a necesidade de realizar un grande esforzo organizativo, que afectará tanto ó sistema xerencial do proceso como ós sistemas de análises e planificación das entidades financeiras. En concreto, sinalou que na CECA existe xa un comité de traballo conectado co Banco de España, denominado Comité de Moeda Única, cunha secretaría permanente que se encarga de coordina-los doce comités de traballo de cada unha das árees afectadas polo proceso.

O director xeral da CECA explicou que os tres factores que lle afectan máis directamente ó funcionamento das entidades financeiras son o impacto das novas tecnoloxías, a economía e a propia sociedade, que cada vez demanda servicios más áxiles e competitivos. Nos últimos anos estes factores non só cambiaron, se-

nón que o fixeron de maneira simultánea, o que provocou consecuencias como a dinamización da contorna, a existencia de riscos tecnolóxicos e financeiros —segundo o tipo de decisións que se tomen— e o estreitamento das marxes das entidades de crédito. Se a todos estos factores lles unímos-la incorporación dunha nova moeda, aparecen outra serie de elementos que ameazan claramente as contas de resultados das entidades. Por un lado, as políticas monetaria e fiscal estabilizadoras tendentes ó cumplimento das condicións para alcanza-lo obxectivo de estar no euro no momento adecuado, como a caída dos tipos de xuros e, polo outro, a desaparición de riscos de cambio na Unión Europea.

As estratexias coas que as entidades financeiras deben afronta-lo cambio estarán en función da contorna na que actúa cada unha delas e das súas propias características. Sen embargo, existen unha serie de trazos fundamentais comúns a toda a banca que todos terán que asumir, como a necesidade de reforza-lo negocio dentro de cada área, isto é, que cada entidade terá que reorienta-las súas estratexias ante os novos competidores, incluso, "se é necesario, chegando a pechar algunha oficina se con iso pode manterse a súa vantaxe competitiva", como explicou o relator.

Tamén sinalou que será necesario cambia-la política seguida por algunha entidade financeira de non cobrar certos servicios; a partir de agora isto xa non poderá ser posible para a mayoría das entidades, xa que a optimización de tódolos seus recursos será outro punto fundamental na mellora dos seus resultados. Tódalas entidades terán que dar, ademais, unha resposta estratéxica enfocada por un perfil competitivo propio dentro da Unión Europea e, en todo caso, terán que optimizar-los seus gastos de explotación.

Para finalizar, o profesor Quintás sinalou a necesidade de que as entidades financeiras recoñezan e asuman o importante cambio que se lles aveciña, para o que deben dispoñer dos instrumentos necesarios que o detecten e da suficiente flexibilidade para asumilo. Así mesmo, volveu subliña-lo papel prioritario que ten, á hora de triunfar na asunción de todo o proceso de cambio, a utilización de potentes sistemas de información para realizar unha adecuada xestión e dirección estratéxica que poida situar á entidade financeira no mellor punto de partida para assumir tódolos retos que suporá a posta en funcionamiento da moeda única europea.